



Concello de Lugo

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: XESTIÓN RECADATORIA- exp 40/2017

Asunto: ACTA APERTURA SOBRE B)

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN Á XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E PARA A XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO EN PERÍODO VOLUNTARIO E EN PERÍODO EXECUTIVO. NOVA LICITACIÓN DOUE. EXP. REF. 40-2017. APERTURA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

Sendo as 12:00 horas do día 12 de abril de 2018 no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica; don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral; dona María Aranzazu Sastre Carracedo Tesoureira municipal e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, técnico de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Asiste tamén o acto dona Nuria Cainzos Morandeira e don José Carlos Losada Campa, en representación da mercantil GESTIÓN DE TRIBUTOS TERRITORIAL, SAU; e dona Mónica Viveiro Santos como delegada de persoal da C.I.G..

O Sr. Presidente da conta de que a documentación administrativa presentada polas tres empresas que concorren á licitación é correcta e procédese seguidamente a apertura do sobre B correspondente a "*Proposta relativa aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.*".

Unha vez comprobado que os licitadores aportan a documentación requirida polo prego de cláusulas administrativas particulares (Documento de "**Melloras ofertadas**", documento de "**Memoria-Docemento**" e documento relativo á "**Calidade no emprego e plan de formación**"), os integrantes da mesa acordan por unanimidade solicitar informes técnicos por unha banda relativo á calidade no emprego que deberá emitirse conxuntamente polo Servizo de Intervención e polo Servizo de Contratación e por outra pola Tesoureira municipal en relación co resto da documentación requirida no devandito sobre B) para o cal se fai entrega neste momento á Tesoureira municipal, asistente a este acto, dos referidos sobres que conteñen a proposta relativa aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 12:15 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE,

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



A SECRETARIA,

Asdo.: Ana Tabarés Martínez.



MURALLA
patrimonio da humanidade